

PROXECTO EDUCATIVO

C.E.I.P. CAMPOLONGO

PONTEVEDRA

CONCRECIÓN

CURRICULAR

Curso: 2011-2012



INDICE

1.- INTRODUCCIÓN.....	4
2.- MARCO LEGAL.....	5
2.1.- NIVEIS DE CONCRECIÓN CURRICULAR.....	6
3.- CONTEXTO.....	8
3.1.- INSTALACIÓNS.....	9
3.2.- CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO.....	11
3.3.- PROFESORADO.....	12
4.- CURRÍCULUM.....	13
5.- AGRUPAMENTOS.....	14
6.- AVALIACIÓN.....	15
7.- PROMOCIÓN.....	19
8.- COORDINACIÓN DOCENTE.....	20
9.- OBXECTIVOS XERAIS DAS ETAPAS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA.....	21
9.1.- OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL	21
9.2.- OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA DE EDUCACIÓN PRIMARIA.....	21
10.- METODOLOXÍA.....	24
11.- COMPETENCIAS BÁSICAS.....	25
11.1.- MEDIOS PARA DESENVOLVER AS COMPETENCIAS BÁSICAS.....	25
11.2.- AS OITO COMPETENCIAS BÁSICAS.....	26
11.3.- RELACIÓNS ENTRE COMPETENCIAS BÁSICAS, OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA E ÁREAS CURRICULARES.....	33
12.- VALORES, OBXECTIVOS E LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN. COMPROMISOS EDUCATIVOS, EDUCACIÓN EN VALORES, A TRAVÉS DAS DISTINTAS E MATERIAS.....	37
12.1.- LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN.....	37
12.2.- COMPROMISOS EDUCATIVOS: FAMILIAS, ALUMNADO E PROFESORADO.....	37
12.3.- INCORPORACIÓN, A TRAVÉS DAS DISTINTAS ÁREAS E MATERIAS DA EDUCACIÓN EN VALORES.....	38
12.3.1.- EDUCACIÓN EN VALORES EN EDUCACIÓN INFANTIL.....	38
12.3.2.- EDUCACIÓN EN VALORES EN EDUCACIÓN PRIMARIA.....	40
13.- ATENCIÓN EDUCATIVA AO ALUMNADO QUE NON OPTE POR ENSINANZAS DE RELIXIÓN. MEDIDAS ORGANIZATIVAS PARA O ALUMNADO QUE NON CURSE ENSINANZAS DE RELIXIÓN.....	46
13.1.- ATENCIÓN EDUCATIVA AO ALUMNADO QUE NON OPTE POLA ENSINANZA DE RELIXIÓN EN EDUCACIÓN INFANTIL.....	46



13.2.- ATENCIÓN EDUCATIVA AO ALUMNADO QUE NON OPTE POLA ENSINANZA DE RELIXIÓN EN EDUCACIÓN PRIMARIA.....	52
14.- LIÑAS XERAIS PARA A ELABORACIÓN DOS PLANS DE ORIENTACIÓN E ACCIÓN TITORIAL.....	53
15.- ASPECTOS XERAIS PARA A ELABORACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DOCENTES.....	55
15.1.- ASPECTOS XERAIS PARA A ELABORACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS EN EDUCACIÓN INFANTIL.....	55
15.2.- ASPECTOS XERAIS PARA A ELABORACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS EN EDUCACIÓN PRIMARIA.....	55
16.- CONCLUSIÓNS E DISPOSICIÓN FINAL.....	56
17.- ANEXOS	
ANEXO I: CONCRECIÓN DO CURRÍCULO	
ANEXO II: PLAN DE ACCIÓN TITORIAL	
PLANS ESPECÍFICOS PARA O ALUMNADO QUE PERMANECE UN CURSO MAIS NO MESMO CICLO	
PLAN XERAL DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE	
ANEXO III: PLAN DE CONVIVENCIA	
PROXECTO LINGÜÍSTICO	
PROXECTO LECTOR	
PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN	



1.INTRODUCCIÓN:

Entendemos por Proxecto Educativo de Centro (PEC) un instrumento que marca o carácter propio e personalidade do Centro referido a todo o ámbito educativo tanto a nivel organizativo e de xestión como o docente/pedagóxico.

Co PEC conseguiremos definir as notas de identidade do noso Centro e propiciar unha maior unidade de criterios en todos os ámbitos da actuación educativa.

Ademais, serve como punto de referencia e ten vocación de continuidade e estabilidade. A pesar disto é susceptible de ser modificado cando se requira; pois debe ser un documento flexible, aberto, breve e claro no seu contido.

Para a súa elaboración, partimos dunha contextualización e dunha visión do noso centro como unha organización que ten que propiciar cultura, formación e educación; por ser o lugar no que se poñen en contacto todos os elementos e factores do sistema educativo.

Evidentemente temos que ter en conta todas as leis que van a darnos o marco legal no que temos que desenvolver o noso traballo.



2. MARCO LEGAL:

O marco legal no que temos que apoiar o presente Proxecto Educativo do Centro son as seguintes leis:

Rango Estatal:

- Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do Dereito á Educación (BOE 4-7-85)
- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación. (BOE 4-5-2006).
- Real Decreto 1513/2006 de 7 de decembro polo que establece as ensinanzas mínimas da Educación Primaria.
- Real Decreto 1630/2006, de 29 de decembro, polo que se establecen as ensinanzas mínimas do segundo ciclo de Educación infantil.

Rango Autonómico:

- Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria. (DOG, 21/10/96). Corrección de erros, (DOG, 06/11/96, 08/01/97 e 26/02/97).
- Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- Decreto 30/2007, do 15 de marzo, polo que se regula a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Orde de 16 de marzo de 2001, pola que se regula o procedemento para a admisión de alumnos en educación infantil, primaria e secundaria obrigatoria en centros sostidos con fondos públicos.
- Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 130/2007, do 28 de xuño, polo que establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 23 de novembro de 2007 pola que se regula a avaliación na educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 24 de xullo de 1998, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998. (DOG 31 de xullo de 1998)



- Decreto 320/1996, do 26 de xullo, de ordenación da educación de alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais.
- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística.
- Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo.

2.1.NIVEIS DE CONCRECIÓN CURRICULAR:

Primeiro Nivel: é un marco común que será prescriptivo en todos os centros. O Deseño Curricular Base que constitúe o Currículo oficial elaborado pola Administración educativa e fixa as intencións, orientacións, e planeamentos metodolóxicos. Marca de maneira xeral os elementos curriculares, como: Obxectivos, Xerais de Etapa, Áreas, Bloques de Contidos, Criterios de Avaliación e Competencias Básicas.

Segundo Nivel: Proxecto de Centro. O desenvolvemento deste nivel corresponde aos equipos docentes, que deben adecuar os planeamentos do Deseño Curricular Base ás características e peculiaridades do contexto socioeconómico e cultural do centro, e ás características do alumnado.

Terceiro Nivel: Programación de Aula. Esta concreción realízase a partir dos acordos sinalizados no Proxecto de Centro por todos os profesores en canto a aspectos xerais para a elaboración das programacións docentes.

A Concreción Curricular do Centro é o conxunto de decisións articuladas , compartidas polo equipo docente, dotando de maior coherencia e cohesión ao currículo oficial.

Co fin de acadar os obxectivos que a Lei Orgánica de educación 2/ 05/ 2006 e os Decretos 130/ 2007 , do 28 de xuño, e 330/ 2009, polos que se establecen os Currículos da Educación primaria e Educación Infantil da Comunidade Autónoma de Galicia sinalan para estas etapas.

O PEC incluíu os seguintes documentos:

- **Concreción do currículo**
- **Plan de Acción Titorial**



XUNTA
DE GALICIA

COLEXIO DE EDUCACIÓN INFANTIL E
PRIMARIA CAMPOLONGO

Rúa Xeneral Rubín nº 3 – 36001 – PONTEVEDRA
<http://centros.edu.xunta.es/ceipcampolongo/>
E-mail: ceip.campolongo@edu.xunta.es
Teléfono: 986 / 855 288 Fax: 986 / 850 558



- **Plans específicos para o alumnado que permanece un ano máis no mesmo ciclo**
- **Plan Xeral de Atención a Diversidade**
- **Plan de Convivencia**
- **Proxecto Lingüístico**
- **Proxecto Lector**
- **Plan de integración das tecnoloxías da información e da comunicación**



3. CONTEXTO:

Tipo de Centro:	C.E.I.P.
Denominación oficial:	C.E.I.P. CAMPOLONGO
Código do Centro:	36006420
Situación:	Pontevedra
Provincia:	Pontevedra
Enderezo:	Xeneral Rubín, nº 3
Apartado de Correos:	336
Código Postal:	36001
Teléfono:	986 855288
Fax:	986 850558
NIF:	Q-8655216-C

NÚMERO DE UNIDADES

Nº unidades	Infantil*	Primaria
Creadas	3	18
Funcionan	2	20
Total centro	22	

* 3 creadas, 2 funcionando e 1 suprimida, as 2 restantes están tamén suprimidas en vías de extinción; aclarar que o futuro das tres unidades de Educación Infantil está pendente da sentenza dunha reclamación xudicial.

O Colexio de Educación Infantil e Primaria Campolongo de Pontevedra está situado no centro do polígono do mesmo nome e rodeado de zonas verdes na súa maior parte.

É un Centro de Ensino Público, polo tanto dependente da Consellería de Educación e está adscrito ó Instituto "Sánchez Cantón", estando adscrito o noso o C.E.I. Crespo Rivas.



A zona de influencia do centro correspóndese coas rúas seguintes: Avda. Manuel del Palacio, Fernández Ladreda, Avda. de Marín (ata cruce San Roque), rúa dos Peiraos, Avda.

de Montero Ríos, rúa Marqués de Riestra, Oliva (ata cruce García Camba), rúa García Camba, Andrés Muruais, Andrés Mellado, Avda. de Vigo (ata cruce con Fernández Ladreda), Montero Villegas, San Pedro Alcántara, Manuel Leiras Pulpeiro, Alcalde Hevia, Antonio Taboada Nieto, Igrexas Vilarelle, Paseo de Valle Inclán, A Tablada, S. González, Rosalía de Castro (ata cruce con Manuel del Palacio),



Gagos de Mendoza, rúa Palamios, Ponte Nova, Ramón Peña, Monte do Taco, Avda. Raíña Vitoria Eugenia, Augusto García Sánchez, Praza de Galicia, Augusto García Besada, Praza de San Xosé, rúa de San Xosé, Pastor Díaz, P. Cervantes, Arquitecto de la Sota.

3.1.- INSTALACIÓNS:

As nosas instalacións están distribuídas da seguinte maneira:

1.- Cinco edificios cunha extensión de máis de 3.500 m².

A) Edificio de Dirección - Administración cos despachos de: dirección, xefatura de estudos, secretaría e orientación, despacho da A.P.A., aula de informática, sala de profesores e conserxería.

B) Edificio con vinte aulas de Educación Primaria, Titorías por niveis, dous aulas de P.T., unha aula de A.L., dúas aulas de idiomas, unha aula de música, unha biblioteca, unha aula de plástica e unha sala de usos múltiples.





- C) Edificio Infantil: tres aulas de E. Infantil.
- D) Edificio para Actividades Deportivas.
- D) Vivenda do Conserxe.

2.- Espazos Exteriores:

- A) Parque infantil.
- B) Patios de recreos e deportes.
- C) Pistas polideportivas exteriores de uso compartido co veciñanza.



VISTA AERÉA DO CENTRO

O horario lectivo do centro é de 9:00 a 14:00 horas e dicir ten xornada única.



Polas tardes, tanto o alumnado como os seus pais poden asistir a diversas actividades extraescolares organizadas pola ANPA San Xosé en horario de 16:30 a 18:30 horas.

Ademais, ao longo do curso, lévanse a cabo diferentes actividades complementarias programadas polos equipos docentes, como seu nome di, de cara a cumprimentar o currículo.

3.2.- CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO:

Dada a súa localización, este Centro escolariza sobre todo alumnado residente na zona centro da cidade (a súa área de influencia), cun nivel socioeconómico medio, medio - alto, e cunhas altas expectativas educativas.

No curso 2011/12 están matriculados 537 alumnos (50 de E. infantil e 487 de E. Primaria), agrupados nas dúas etapas educativas: Educación Infantil e Primaria.

Nº DE ALUMNOS MATRICULADOS POR NIVEL E GRUPO			
CEIP CAMPOLONGO 2011-12			
ENSINO	NIVEL	Nº ALUMNOS	
EDUCACIÓN INFANTIL	3 ANOS		0
	4 ANOS		24
	5 ANOS		26
		TOTAL:	50
EDUCACIÓN PRIMARIA	1º	A	24
		B	25
		C	24
		D	24
		TOTAL:	97
	2º	A	24
		B	25
		C	23
		D	25
		TOTAL:	97
	3º	A	25
		B	25
		C	25
		TOTAL:	75
	4º	A	25
		B	26
		C	26
		TOTAL:	77
	5º	A	21
		B	23
C		23	
	TOTAL:	67	
6º	A	25	
	B	24	
	C	25	
	TOTAL:	74	
TOTAL PRIMARIA:			487
TOTAL CENTRO:			537

3.3 PROFESORADO:

O Claustro está formado por 36 profesores que atenden os diversos niveis educativos do Centro, unha das dúas profesoras de Relixión do Centro é compartida con outro Centro; e temos unha profesora mais en Educación Infantil que é compartida sendo o seu centro base o C.E.I.P. de Marcón.

O Departamento de Orientación, formado por unha Orientadora, dúas especialistas en Pedagogía Terapéutica, unha especialista en Audición e Linguaxe, e os coordinadores de Ciclo que atenden a tódolos niveis educativos.



4.CURRICULUM:

Enténdese por currículo da educación primaria e infantil o conxunto de obxectivos, competencias básicas, contidos, metodoloxía, e criterios de avaliación desta etapa educativa.

O currículo de educación infantil oríentase a lograr un desenvolvemento integral e harmónico en todos os ámbitos: afectivo, movemento e hábitos de control corporal, social e cognitivo.

A educación infantil constitúe a etapa educativa con identidade propia que atende a nenos desde o nacemento ata os seis anos. Está ordenada en dous ciclos. O primeiro de 0-3 anos e o segundo de 3-6 anos ,que é o que nos corresponde o centro.

A etapa da educación primaria constitúe un marco formativo clave para os alumnos.

A ordenación desta etapa educativa é en tres ciclos de dous anos académicos cada un.

Cada ciclo constitúe unha unidade de ensinanza- aprendizaxe.

O currículo que se establece ten un carácter aberto e flexible co fin de permitira a súa adecuación á realidade do contexto socio- económico e cultural do noso centro escolar e responder, así mesmo, a diversidade de capacidades, intereses, e motivacións dos alumnos, implicando activamente ao profesorado no seu desenvolvemento e concreción.

Deste xeito, cobra un especial interese o traballo dos profesores , que terán que contextualizar e pormenorizar os obxectivos, competencias, e contidos así como os medios para alcanzalos.

Unha das novidades que incorpora a LOE son as **competencias básicas** ; polo tanto neste Proxecto Educativo estarán moi presentes, como eixe vertebrado sobre o que se apoia o proceso de ensinanza- aprendizaxe do alumnado co fin de garantir a súa adquisición ao final da etapa educativa.

5.AGRUPAMENTOS:

Criterios de agrupamento e organización do alumnado:

A educación infantil que se imparte no noso Centro corresponde co segundo ciclo desta ensinanza e comprende tres anos académicos.

A educación primaria comprende seis anos académicos, está organizada en tres ciclos de dous anos de duración cada un.

Esta organización en ciclos facilita a adaptación dos procesos de ensinanza aos ritmos de desenvolvemento e aprendizaxe propios de cada un dos alumnos.

O ciclo constitúe unha unidade curricular temporal de programación e avaliación.

En consecuencia, todo o profesorado do mesmo ciclo desenvolverá o seu traballo en equipo co fin de garantir a necesaria unidade de programación e avaliación.

A etapa da educación infantil ordénase, a efectos de programación, avaliación e promoción do alumnado en:

2º Ciclo: 4º educación infantil, 5º educación infantil e 6º educación infantil.

A educación primaria ordénase da seguinte maneira:

1º Ciclo: 1º e 2º

2º Ciclo: 3º e 4º

3º Ciclo: 5º e 6º

Os criterios para agrupar o alumnado teñen que ser flexibles e responder ao obxectivo e tipo de actividade que se pretende, á vez que se favorece o principio de interacción entre eles.

Os agrupamentos no noso centro do grupo aula están organizados con criterios de heteroxeneidade; hai nenos e nenas con diferentes intereses, capacidades e motivacións.

O número de aulas sufrira variacións debido o proceso da adscrición do CEI Crespo Rivas, xa que aínda sendo o Centro de liña 3 durante varios cursos haberá niveis con 4 aulas.

Ao iniciar a etapa de primaria, optase por respectar os agrupamentos de Educación Infantil tendo en conta o asesoramentos dos profesores desta etapa educativa, respectando sempre que non coincidan nenos con necesidades educativas especiais e tamén se terán en conta outras variables como: necesidades educativas específicas ou a interacción e convivencia intergrupala.

Nos inicios de ciclo (3º e 5º), sempre que se sexa preciso facer unha nova agrupación debido a características do grupo, problemas de convivencia, necesidades educativas especiais e específicas, realizaranse unha valoración tanto nos equipos docente como na comisión de coordinación pedagóxica, para determinar os novos agrupamentos, que buscan sempre criterios obxectivos, como pode ser a orde alfabética.

Dentro do grupo clase, poden e débense organizar grupos homoxéneos para ensinar determinados contidos que requiran reforzos específicos para algúns alumnos.



6.AVALIACIÓN:

A LOE, establece no seu artigo 20 que a avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado de educación infantil e primaria será continua e global e que se terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas.

O Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia establece:

1. Na etapa da educación infantil, a avaliación será global, continua e formativa. A observación directa e sistemática constituirá a técnica principal do proceso de avaliación.
2. A avaliación nesta etapa debe servir para identificar as aprendizaxes adquiridas e o ritmo e características da evolución de cada nena ou neno. Para estes efectos, tomaranse como referencia os criterios de avaliación de cada unha das áreas.
3. As persoas profesionais que desempeñan o seu labor na educación infantil avaliarán, ademais dos procesos de aprendizaxe, a súa propia práctica educativa.
4. As familias recibirán periodicamente a información necesaria sobre o progreso das nenas e dos nenos, e as canles que se creen para este efecto terán que facerse explícitas nos correspondentes proxectos educativos.

O Decreto 130/ 2007, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, dispón que:

1. A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua, global, formativa e integradora. Terá en conta o seu progreso no conxunto de todas as áreas do currículo.
2. A avaliación levarase a cabo tendo en conta os diferentes elementos do currículo recollidos todos eles no Decreto 130/2007 e na concreción que deles fagan os centros no seu proxecto educativo. Os criterios de avaliación das áreas serán referente fundamental para valorar tanto o grao de adquisición das competencias básicas como da consecución dos obxectivos.
3. A avaliación continua ten carácter formativo e permite incorporar medidas de ampliación, enriquecemento e reforzo para todo o alumnado en función das necesidades que deriven da avaliación do proceso educativo. Estas medidas adoptaranse desde o momento en que se identifiquen e en calquera momento do ciclo, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.

A avaliación é un elemento integrante do proceso de ensinanza e aprendizaxe. Constitúe un proceso continuo, que forma parte do propio proceso de ensinanza e aprendizaxe. A finalidade principal da avaliación é obter a información que permita adecuar o proceso de ensinanza ao progreso real na construción das aprendizaxes do alumnado. Os datos da avaliación continua e

global permitirannos reconducir o proceso de aprendizaxe dos alumnos e tomar as decisións pertinentes e adecuar o desenvolvemento da programación ás necesidades e logros detectados. Esta avaliación continua, ademais de permitir regular e axustar o proceso de ensinanza aprendizaxe, ofrece datos que acreditan ata que punto os alumnos/as alcanzaron os obxectivos e competencias programadas.

A avaliación ten que referirse de forma global a consecución dos obxectivos de etapa.

Centrándonos na avaliación dos alumnos, podemos sinalar a existencia das tres modalidades de avaliación:

Avaliación inicial: que se realizara o comezo de cada momento de aprendizaxe, ben sexa o inicio da escolaridade, o comezo dun ciclo, ou dun contido que se aborda por primeira vez. Non debe servir como punto de partida, pero si como punto de referencia, o feito de que os alumnos de certo nivel educativo " teñen que ter alcanzados" os obxectivos e competencias do nivel precedente. É necesario comprobar que cada alumno ten adquiridos e activados os coñecementos previos que requiren as novas aprendizaxes que se van a ensinar en cada momento.

A avaliación inicial cobra especial importancia no **primeiro ciclo da etapa e o inicio de cada ciclo**. O inicio da etapa é necesario obter información concreta acerca da situación persoal e de aprendizaxe de cada neno que se incorpora á educación obrigatoria. Nos seguintes ciclos será igualmente necesaria unha avaliación inicial que permita comprobar as aprendizaxes adquiridas realmente por cada un dos alumnos, a fin de realizar os axustes oportunos dos alumnos e os obxectivos e competencias programadas no proxecto curricular para cada ciclo correspondente.

Avaliación formativa: que supón o seguimento de cada alumno , observando os distintos estilos e ritmos de aprendizaxe, o grao de interacción co grupo, as dificultades e avances que se encontran ao longo do proceso e vains permitir reconducir o proceso no momento oportuno. En caso de desaxustes poderían tomarse medidas de:

- A formación de grupos flexibles para determinadas aprendizaxes, que permitan unha gradación de actividades adaptadas aos distintos niveis de aprendizaxe. Estes grupos organizáranse durante algúns momentos do horario escolar sen romper a continuidade do grupo de referencia de cada alumno.
- A propia organización interna da aula e da actividade escolar en períodos de traballo individuais e colectivos que permitan unha individualización do traballo en determinados momentos.
- A utilización de plans de traballo como forma de orientar o traballo autónomo dos alumnos son outras posibilidades de abordar as diferencias de aprendizaxe.



Avaliación global: en terceiro lugar, será global e terá en conta o seu progreso no conxunto da áreas.

Esta avaliación vai nos permitir estimar o momento de aprendizaxe e o grado de consolidación das competencias e contidos que cada alumno consigue en momentos determinados de paso de ciclo ou etapa.

Instrumentos de avaliación:

Se a avaliación constitúe un proceso flexible os procedementos terán que ser variados. Para recoller datos podemos servirmos de diferentes procedementos de avaliación:

- A observación sistemática de comportamentos.
- Entrevistas.
- O traballo diario.
- Probas elaboradas como síntese dos contidos máis significativos traballados no proceso de ensinanza aprendizaxe.
- Cuestionarios orais e escritos.

Os documentos oficiais da avaliación, están regulados pola **Orde do 23 de novembro de 2007** pola que se regula a avaliación na educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Os profesores avaliarán os procesos de ensinanza aprendizaxe e a súa práctica docente en relación co logro dos obxectivos e competencias do currículo. Esta avaliación terá tamén un carácter continuo e formativo e terá como referencia:

- A organización da aula.
- O aproveitamento dos recursos do centro.
- A relación entre profesor e alumnos.
- A convivencia entre alumnos.

Tipos de avaliación da intervención educativa:

Interna: os mestres avaliarán tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensinanza- aprendizaxe e a súa práctica docente, no contexto da aula e no contexto do centro.

No primeiro caso o responsable é cada profesor, mentres que na avaliación do funcionamento da etapa debe ser tarefa conxunta de todo profesorado e especialmente por niveis e ciclos.

Haberá que ter en conta a adecuación dos obxectivos, das competencias e da selección de contidos, a adecuación das actividades propostas, así como a secuenciación das mesmas, a presenza de estratexias diversificadas que dirán resposta aos distintos intereses e ritmos de aprendizaxe, adecuación dos materiais empregados, así como o nivel de interacción con e entre os alumnos e o clima comunicativo establecido na aula.

No 2º nivel terase en conta a participación de todo o profesorado de ciclo e de etapa, a relación cos pais en xeral coa comunidade educativa, o tipo de actividades complementarias e extraescolares, o grao de consolidación dos obxectivos contemplados no proxecto, e o grao de satisfacción do profesorado.

Para levar a cabo esta avaliación poden utilizarse diversos procedementos:

- Reunións conxuntas do profesorado para contrastar opinións.
- Información recollida a través de entrevistas, cuestionarios...

Estas medidas teñen que estar ligadas ao proceso educativo, é dicir que deben levarse a cabo de forma continua, pero hai momentos especialmente indicados que son ao inicio de etapa e de ciclo para coñecer cal é o punto de partida con respecto á situación na que se encontra o alumnado para abordar as novas aprendizaxes de maneira significativa.

Externa: a avaliación de diagnóstico ao finalizar o 2º ciclo de primaria, fixada no artigo 144.1 da LOE, e todas aquelas que as administracións educativas establezan.

7.PROMOCIÓN:

Os alumnos pasarán ao ciclo educativo seguinte sempre que alcancen o desenvolvemento das competencias básicas e un axeitado grao de madurez. Tamén accederán ao ciclo seguinte cando as aprendizaxes non alcanzadas non sexan un obstáculo para seguir satisfactoriamente os novos aprendizaxes.

Cando os datos recollidos e valorados do proceso de ensinanza - aprendizaxe dunha alumna ou alumno demostren que non acadaron as competencias básicas e un axeitado grao de madurez acorde coa súa idade, permanecerá un ano máis no mesmo ciclo e irá acompañado dun plan específico de reforzo e recuperación nas competencias básicas naquelas áreas que tiveron problemas para facilitar a superación das dificultades de aprendizaxe.

Esta medida só poderá ser adoptada unha soa vez ao longo de toda a etapa educativa, a excepción do alumnado que presente necesidades educativas especiais que poderá permanecer un ano máis na etapa de educación primaria , nos termos previstos no artigo 16.6º do Decreto 130/2007 polo que se establece o currículo da educación primaria na comunidade Autónoma galega.

8. COORDINACIÓN DOCENTE:

A acción educativa implica e esixe un traballo en equipo, en tanto non se regule un novo (ROG), rexerémonos polo contemplado no Decreto 374/ 1996, onde están contemplados as seguintes comisións e equipos:

- Comisión de coordinación pedagóxica
- Equipos de ciclo
- Equipo de normalización lingüística
- Equipo de actividades complementarias e extraescolares

Ademais O Decreto 120/1998 , contempla que os departamentos de orientación de cada centro constituíran o garante de que a orientación forma parte esencial da actividade educativa.

O Decreto 130/2007, polo que se establece o currículo da educación primaria, no artigo 14, establece que, cada grupo de alumnos e alumnas terá un titor ou titora que exercera a acción titorial ao longo de todo o proceso de ensinanza aprendizaxe.

A titoría e orientación forma parte da labor docente e terá que levarse a cabo non só cara aos alumnos e alumnas de maneira persoal e de grupo, senón tamén coordinado de maneira permanente especialmente coa dos outros profesores ou profesoras que incidan sobre o mesmo grupo de alumnos e alumnas, sen prexuízo da necesaria coordinación co equipo de profesores e profesoras de ciclo e etapa.

A acción titorial orientará o proceso educativo individual e colectivo do alumnado, sen prexuízo das competencias propias do Departamento de Orientación e a necesaria coordinación con el.

O profesor ou profesora titor manterá unha relación permanente coas familias dos alumnos, atendo á conciliación profesional e familiar, teraas informadas sobre o progreso da aprendizaxe e a integración socio - educativa dos seus fillos, sen prexuízo, se é o caso das competencias do Departamento de Orientación.

Escoitaraas naquelas decisións que afecten a orientación académica profesional dos seus fillos ou fillas.

9.-OBXECTIVOS XERAIS DAS ETAPAS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA

9.1.OBXECTIVOS XERAIS DE EDUCACIÓN INFANTIL:

A Educación Infantil contribuirá a desenvolver as capacidades dos alumnos que lles permitan:

- Tomar conciencia do propio corpo identificándoo global e de forma segmentaria.
- Recoñecer os sentidos como fontes de sensacións empregándoos para o coñecemento do seu mundo circundante.
- Adquirir destrezas e habilidades de manipulación aplicándoas ao manexo de útiles e materiais presentes no seu contorno.
- Adquirir o control da postura e dinámico do seu contorno mantendo o equilibrio necesario entre a seguridade e o desafío na exploración e no descubrimento.
- Tomar conciencia das características persoais identificando as calidades que o definen como individuo singular.
- Afianzar a propia personalidade equilibrando a afirmación das preferencias co respecto ás necesidades comúns do grupo.
- Adquirir autoestima esforzándose no desenvolvemento das actividades cotiás .
- Iniciarse no control do propio comportamento relacionando a identificación das emocións e intereses coa interiorización das norma se valores sociais.
- Iniciarse na tolerancia da frustración demorando a satisfacción dos desexos.
- Satisfacer as súas necesidades básicas adquirindo hábitos de coidado persoal.

9.2.OBXECTIVOS XERAIS DE EDUCACIÓN PRIMARIA:

Os obxectivos da educación primaria estarán encamiñados ao logro da adquisición, por parte de todo o alumnado, das capacidades que permitan:

- Desenvolver a tolerancia, o respecto e a valoración das diferencias, a solidariedade, a igualdade de sexos e a co-responsabilidade, mellorando a participación en programas promovidos en colaboración con outros Departamentos como o de Saúde, Asuntos Sociais, Medio ambiente...de educación en valores:
 - Educación para a igualdade
 - Educación para a paz e o desenrolo
- Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, na súa dimensión social e de respecto a cidadanía, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en se mesmo, sentido crítico, tendo iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe.

-Adquirir habilidades para a prevención e para resolución de conflitos que lle permitan actuar con autonomía nas actividades habituais e nas relacións coa familia, co grupo, desenvolvendo as posibilidades de tomar iniciativas e de establecer relacións afectivas. Colaborando na planificación e realización de actividades en grupo, respectando as normas e asumindo as responsabilidades que lle correspondan.

-Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferencias entre persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades, rexeitando calquera discriminación baseada en diferencias de sexo, clase social, crenzas, raza, ou discapacidade. Establecendo relacións equilibradas e constructivas coas persoas en situacións sociais cotiáns, comportarse de xeito solidario, recoñecendo e valorando criticamente as diferencias de tipo social e rexeitando calquera discriminación baseada en diferencias de sexo, clase social, crenzas, raza, e outras características de individuais e sociais.

-Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega, a lingua castelá, e desenvolver hábitos lectores, comprender e producir mensaxes orais e escritos en lingua galega e castelán, atendendo á diferente intencionalidade e contextos de comunicación.

-Adquirir a competencia comunicativa básica, polo menos nunha lingua estranxeira que lle permita comprender e expresar mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiáns.

-Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións utilizando os procesos oportunos para obter a información pertinente e ser capaz de aplicalos a situacións da vida cotiá.

- Coñecer e valorar o seu contorno natural, social e cultural, así como as posibilidades de acción e de coidado deste, con especial atención á singularidade de Galicia. Establecendo relacións entre feitos e fenómenos do medio ambiente, contribuíndo activamente, á defensa e conservación do contorno.

-Coñecer mulleres e homes que realizaron contribucións importantes á cultura e sociedade galega, participar na súa conservación e mellora.

-Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante mensaxes que recibe e elabora.

-Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais.

-Valorar a hixiene e a saúde, coñecendo o propio corpo e o dos outros, adoptando hábitos de benestar e valorando as repercusións de utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

-Coñecer e valorar a flora e a fauna, en especial a presente na Comunidade Autónoma de Galicia, e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

-Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, en sintonía cos principios de tolerancia, igualdade, respecto,

solidariedade e paz, e cara á participación razoada e responsable na toma de decisións e na solución dialogada dos conflitos. Corresponsabilidade no traballo doméstico e o coidado das outras persoas, así como unha actitude contraria á violencia aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.

10.METODOLOXÍA:

- Hai que asegurar a relación das actividades de ensinanza aprendizaxe coa vida real dos alumnos partindo, sempre que sexa posible, das experiencias que ten.
 - Impulsar a participación activa do alumnado, facilitando a construción de aprendizaxes significativas, que permitan aos alumnos e alumnas establecer relacións substantivas entre os coñecementos e experiencias previas e as novas aprendizaxes.
 - Posibilitar a autonomía nas aprendizaxes: que o alumno sexa capaz de aprender a aprender, prestando especial atención a adquisición de estratexias cognitivas de planificación e regulación da propia actividade.
 - Para ter un enfoque globalizado e integrador de todas as áreas que caracteriza esta etapa e necesario organizar o traballo en torno o desenvolvemento das competencias básicas. O punto de partida é a propia realidade que se toma como obxecto de estudo, e na medida en que se progresa na análise dos elementos que a compoñen nas relacións que existen entre eles, é preciso utilizar os instrumentos das distintas áreas de coñecemento ofrecen para un estudio máis sistemático e obxectivo. Finalmente, realizaran a síntese e integración dos novos contidos aprendidos que modificaran os seus esquemas de coñecemento.
- Esta perspectiva globalizante e integradora non se centra só nun método concreto, senón que existen múltiples opcións de métodos que parten de principios globalizantes (centros de intereses, proxectos...)

11. COMPETENCIAS BÁSICAS:

¿Que entendemos por competencias básicas?.

Podería definirse como a capacidade de poñer en práctica de forma integrada, en contextos en situacións diversas, os coñecementos, as habilidades e actitudes persoais adquiridas. O concepto de competencia inclúe tanto os saberes como as habilidades e as actitudes e vai máis alá do saber facer, incluíndo o saber estar.

A UE define competencia básica como unha **“combinación de destrezas, coñecementos e actitudes adecuadas ao contexto”**. As competencias básicas son aquelas que precisan todas as persoas para a súa realización e desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego.

As competencias básicas van permitir:

- Mobilizar, poñer en práctica e responder ás demandas e levar a cabo tarefas.
- Permitir resolver situacións diversas, problemas, e situacións, lograr unha acción eficaz.
- Posibilitar transferencias e aplicarlas a contextos e situacións diferentes.

A inclusión das competencias básicas no currículo ten varias finalidades: integrar os coñecementos poñéndooos en relación cos distintos contidos e tamén integrar as aprendizaxes formais e non formais, poñelas en relación cos distintos tipos de contidos e empregalos en situacións e contextos necesarios.

Orientar ao ensino, axudando a tomar decisións no proceso de ensinanza - aprendizaxe, permitindo identificar contidos e criterios de avaliación básicos.

11.1. POR QUE MEDIOS SE PODEN DESENVOLVER AS COMPETENCIAS BÁSICAS:

- a) Na aula
- b) No centro

a) Na aula:

- Contidos das áreas e materias do currículo.
- Metodoloxía

Contidos das áreas e materias do currículo:

- Desde cada área contribúese ao desenvolvemento de diferentes competencias.
- Cada competencia acádase a través do traballo en varias áreas. Non se da unha relación directa ou excluínte entre áreas e competencias básicas.
- Algunhas competencias básicas teñen carácter máis transversal.

Metodoloxía: debe poñerse o énfase no **Saber facer:**

- Seleccionar gran variedade de actividades de aprendizaxe.
- Integración de coñecementos, destrezas, e actitudes.
- Incidencia e aprender a aprender, autonomía e iniciativa persoal e habilidades sociais.

En todas as competencias farase unha gran incidencia en **aprender a aprender, autonomía e iniciativa persoal e habilidades sociais.**

b) No centro:

- Titoría/Orientación
- Normas de funcionamento
- Actividades complementarias e extraescolares
- Recursos educativos

O Traballo nas áreas e materias do currículo para contribuír ao desenvolvemento das competencias básicas debe complementarse con diversas medidas organizativas e funcionais para o seu desenvolvemento. Así, a organización e o funcionamento dos centros e as aulas, a participación do alumnado, as normas de réxime interno, o uso de determinadas metodoloxías e recursos didácticos, ou a concepción, organización e funcionamento da biblioteca escolar, entre outros aspectos, pode favorecer ou dificultar o desenvolvemento de competencias asociadas á comunicación, a análise do contorno físico, a creatividade, a convivencia escolar e a cidadanía ou alfabetización dixital.

Igualmente, a acción titorial permanente pode contribuír de modo determinante a adquisición de competencias relacionadas coa regulación das aprendizaxes, o desenvolvemento emocional e as habilidades sociais. A planificación das actividades complementarias e extraescolares pode reforzar o desenvolvemento do conxunto das competencias básicas.

11.2. AS OITO COMPETENCIAS BÁSICAS:

1.Competencia en comunicación lingüística.

2.Competencia matemática.

3.Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico.

4.Tratamento da información e competencia dixital.

5.Competencia social e cidadá.

6.Competencia cultural e artística.

7.Competencia para aprender a aprender.

8.Autonomía e iniciativa persoal.

As competencias básicas forman parte das ensinanzas mínimas da educación obrigatoria xunto cos obxectivos, contidos e criterios de avaliación.

Forman parte tamén do currículo establecido pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A incorporación das competencias básicas supón un enriquecemento do modelo actual de currículo.

As **competencias básicas** facilitan a toma de decisións sobre:

- A selección de obxectivos, contidos e criterios de avaliación.
- A importancia relativa de cada un deles.
- A orientación metodolóxica.
- A avaliación.

Competencia en comunicación lingüística:

“A competencia en comunicación lingüística refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, as emocións e a conducta”.

Esta competencia é clave para establecer vínculos e relacións constructivas cos demais e co contorno, acercarse a novas culturas, que adquiren consideración e respecto a medida que se coñecen. Po iso, a competencia de comunicación lingüística está presente na capacidade efectiva de convivir e de resolver conflitos.

Con esta formulación, quérese resaltar a importancia que para o alumno ten a adquisición da capacidade de autorregulación do propio aprendizaxe. Significa ser consciente do que se sabe e do que é necesario aprender, de como se aprende, e de como se xestiona e controlan de forma eficaz os procesos de aprendizaxe, optimizándoos e orientándoos a conseguir os obxectivos, e transferir o aprendido a unha nova situación.

A propia concepción do currículo das distintas linguas, ao poñer o énfase no uso social da lingua en diferentes contextos comunicativos fai evidente a súa contribución directa ao desenvolvemento de todos os aspectos que conforman a competencia en comunicación lingüística.

A lingua, ademais de instrumento de comunicación, é un medio de representación do mundo e está na base do pensamento e do coñecemento, permite comunicarse cun mesmo, analizar problemas, elaborar plans e emprender procesos de decisión. É dicir, regula e orienta a nosa propia actividade con progresiva autonomía, a súa mellora desde as distintas áreas vai axudar a organizar o pensamento, a comunicar afectos e sentimentos e a regular emocións.

Escoitar, expoñer e dialogar implica ser consciente dos principais tipos de interacción verbal, ser progresivamente competente na expresión e comprensión das mensaxes orais que se intercambian en situacións comunicativas diversas e adaptar a comunicación ao contexto. Supón tamén a utilización activa e efectiva de códigos e habilidades lingüísticas e non lingüísticas e das regras propias do intercambio comunicativo en diferentes situacións, para producir textos orais adecuados a cada situación de comunicación.

Ler e escribir son accións que permiten **buscar, recompilar e procesar, información**, é ser competente á hora de comprender, compoñer e utilizar distintos tipos de texto con intencións comunicativas ou creativas diversas.

A lectura facilita **a interpretación e comprensión** do código que permite facer uso da lingua escrita, ademais, é fonte de pracer, de descubrimento doutros contornos, idiomas, culturas, de fantasía e de saber, o que posibilita que as aprendizaxes que se efectúan nunha lingua se apliquen á aprendizaxe doutras.

A habilidade de **seleccionar a información** está estreitamente relacionada coa capacidade de interpretar, comprender a realidade, organizar e auto - regular o coñecemento, e a acción dotándoa de coherencia.

Comprender e saber comunicar son saberes prácticos que se deben apoiar no coñecemento reflexivo sobre o funcionamento da lingua e nas súas normas de uso. Expresar e interpretar diferentes tipos de discurso acordes coa situación comunicativa en diferentes contextos sociais e culturais implica o coñecemento e aplicación das regras de funcionamento do sistema da lingua e das estratexias que constitúen a competencia comunicativa dunha lingua determinada.

O desenvolvemento de técnicas que favorezan a organización, memorización e recuperación da información, tales como facer resumos, esquemas, ..., por un lado, e o de procesos de planificación previa, xestión de recursos, a revisión constante, a valoración dos resultados e a flexibilidade de xerar diferentes respostas ante un mesmo suposto, confrontando as diversas informacións, van a favorecer a adquisición de habilidades de mellora e eficacia na aprendizaxe.

Competencia matemática:

“A competencia matemática consiste na habilidade para utilizar, e relacionar os números, as operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e razoamento matemático, tanto para producir e interpretar distintos tipos de información, como para ampliar o coñecemento sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade, e para resolver problemas relacionados coa vida cotiá e co mundo laboral” .

A maior parte dos contidos da área de matemáticas orientase de maneira prioritaria a garantir o mellor desenvolvemento da competencia matemática en todos e cada un dos aspectos. É

necesario sinalar, que a contribución á competencia matemática lograse na medida en que a aprendizaxe dos mencionados contidos diríxense a súa utilidade para enfrontarse as múltiples ocasións nas que se empregan as matemáticas fora da aula.

Os procesos de resolución de problemas constitúen un dos eixes principais da actividade matemática e deben ser fonte e soporte principal da aprendizaxe matemática, posto que son a pedra angular da competencia matemática.

Esta competencia implica o coñecemento e manexo dos elementos matemáticos básicos, distintos tipos de números, símbolos, elementos xeométricos...en situacións reais ou simuladas, e aposta en práctica de procesos de razoamento que levan a solución dos problemas ou a obtención de información. En consecuencia, a competencia matemática supón a habilidade para seguir determinados procesos de pensamento (como inducción e a deducción) e aplicar algúns algoritmos de cálculo ou elementos da lóxica.

Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico:

“É a habilidade para interactuar co mundo físico, tanto nos seus aspectos naturais como nos xerados pola acción humana, de modo que facilite a comprensión de sucesos, a predicción de consecuencias e a actividade dirixida á mellora e preservación das condicións da vida propia, dos demais homes e mulleres e do resto dos seres vivos”.

Esta competencia supón o desenvolvemento e aplicación do pensamento científico - técnico para interpretar a información que se recibe e para predicir e tomar decisións con iniciativa e autonomía persoal nun mundo no que os avances que se producen nos ámbitos científico e tecnolóxico teñen unha influencia decisiva na vida persoal, a sociedade e o mundo natural.

Así mesmo, a competencia de interactuar co espazo físico leva implícito ser consciente da influencia que ten a presenza das persoas no espazo, o seu asentamento, a súa actividade, as modificacións que introducen e as paisaxes resultantes.

Son parte desta competencia o uso responsable dos recursos naturais, a conservación do medio ambiente e á diversidade da Terra, o consumo racional e responsable, e a protección da saúde individual e colectiva como elementos clave da calidade de vida das persoas.

Agora ben, a competencia científica constituíse principalmente na área de coñecemento do medio natural, social e cultural a través da apropiación de conceptos que permiten interpretar o mundo físico, así como a través do acercamento a determinadas características do método científico: saber definir problemas, estimar solucións posibles, elaborar estratexias, deseñar pequenas investigacións, analizar resultados e comunicalos. Por outro lado, moitas das aprendizaxes que

integra están centradas na interacción do ser humano co mundo que lle rodea incorporando a adquisición de actitudes e valores para un desenvolvemento persoal equilibrado e solidario que se vértebra en torno á identidade persoal, a socialización, e a convivencia, a saúde e o medio ambiente.

Tratamento da información e competencia dixital:

O desenvolvemento desta competencia vai posibilitar a comunicación e a transmisión de información en distintos soportes, incluíndo a utilización das tecnoloxías da información e da comunicación como elemento esencial.

Esta competencia fai referencia ás habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar a información e transformala en coñecemento.

Inclúe aspectos diferentes que van desde o acceso e selección da información ata o uso e transmisión en distintos soportes.

Dispoñer de información non produce de forma automática ese coñecemento, transformar esa información en coñecemento esixe habilidades de razoamento para organizala, relacionala, analizala, sintetizala e de facer inferencias, e dicir de comprendela e integrala cos coñecementos previos, e así poder modificar os esquemas de coñecemento.

Ser competente na utilización das tecnoloxías de información e da comunicación como instrumentos de traballo intelectual inclúe empregarlas como transmisoras e xeradoras de información e de coñecemento. Así mesmo, esta competencia permite xestionar adecuadamente o acceso inmediato e incesante á información, que aumenta cada día, a medida que van aparecendo, seleccionarse en función da súa utilidade.

Competencia social e cidadá:

Esta competencia permite vivir en sociedade, comprender a realidade social do mundo no que se vive e exercer a cidadanía democrática. Incorpora formas de comportamento individual que preparan ás persoas para convivir nunha sociedade cada vez máis plural, relacionarse coas demais persoas, cooperar, comprometerse e afrontar os conflitos.

A adquisición desta competencia capacítanos para poñernos no lugar doutras persoas, aceptar as diferencias, ser tolerante, e respectar os valores, as crezas, as culturas e a historia persoal e colectiva dos outros seres humanos.

Supón tamén adquirir habilidades de interactuar eficazmente, mostrar empatía, autonomía, autocontrol, xestionar a frustración e a aceptación das normas de convivencia e de autoridade.

Nos aspectos relativos ás actitudes e comportamentos de aprendizaxe, desenvolve a responsabilidade, perseveranza, o coñecemento dun mesmo, a autoestima, a creatividade, a

autocrítica, o control emocional, a capacidade de elixir, de afrontar problemas, de demorar a necesidade de reforzo inmediato e de aprender dos erros e de asumir resgos.

Competencia cultural e artística:

Desenvolver esta competencia vainos capacitar para apreciar e comprender distintas manifestacións artísticas e culturais. Refírese a valoración crítica das diferentes manifestacións culturais, artísticas, o que nos permitira utilizalas como fonte de goce e enriquecemento persoal e axudarnos a consideralas como parte do patrimonio cultural dos pobos.

Apreciar o feito cultural en xeral, e o feito artístico en particular, leva implícito dispoñer daquelas habilidades e actitudes que permitan acceder ás súas distintas manifestacións, así como habilidades de pensamento, perceptivas e comunicativas, sensibilidade e sentido estético para poder comprendelas, valoralas, emocionarse e gozalas.

Require poñer en funcionamento a iniciativa, a imaxinación e a creatividade para expresarse mediante códigos artísticos e na medida en que as actividades culturais e artísticas se desenvolven a maioría das veces en traballos colectivos, van a propiciar a desenvolver habilidades de cooperación que contribuíñ a mellorar a competencia social.

Supón tamén unha actitude de aprecio da creatividade implícita na expresión de ideas, experiencias ou sentimentos a través de diferentes medios artísticos, como a música, a literatura, as artes visuais e escénicas, ou diferentes formas que adquiren as chamadas artes populares.

Sintetizando, o conxunto de destrezas que configuran esta competencia refírese tanto á habilidade para apreciar e gozar coa arte e outras manifestacións culturais como a aquelas relacionadas co emprego dalgúns recursos da expresión artística para realizar creacións propias. Implica un coñecemento básico, das distintas manifestacións culturais, artísticas, e deportivas, unha actitude aberta, respectuosa e crítica cara á diversidade de expresións artísticas e culturais.

Competencia para aprender a aprender:

Esta competencia vainos capacitar para prolongar as aprendizaxes ao longo de toda a vida, e así poderemos desenvolvernos mellor ante as incertezas, porque seremos quen de buscar respostas lóxicas e diversas.

Aprender a aprender supón iniciarse na aprendizaxe a ser capaz de continua-la de maneira autónoma.

Ten dúas dimensións fundamentais. Por unha banda, a adquisición da consciencia das propias capacidades (intelectuais, emocionais, físicas), do proceso e das estratexias necesarias para desenvolverlas, así como do que se pode facer por un mesmo e do que se pode facer con axuda. Por outra banda, dispoñer dun sentimento de competencia persoal, que repercute na motivación, na confianza nun mesmo e no gusto por aprender.

Significa ser consciente do que se sabe e do que cómpre aprender, de como se aprende, e como se xestionan e controlan de forma eficaz os procesos de aprendizaxe. Supón tamén poder desenvolverse ante as incertezas tratando de buscar respostas que satisfagan a lóxica do coñecemento racional. Implica admitir diversidade de respostas posibles ante un mesmo problema e atopar motivación para buscalas desde diversos enfoques metodolóxicos.

Inclúe, ademais, habilidades para obter información xa sexa individualmente ou en colaboración, e moi especialmente para transformala en coñecemento propio, relacionando e integrando a nova información cos coñecementos previos e coa propia experiencia persoal e sabendo aplicar os novos coñecementos e capacidades en situacións parecidas e contextos diversos.

Autonomía e iniciativa persoal:

Esta competencia fai referencia, a posibilidade de aceptar con criterio propio e levar adiante as iniciativas necesarias para desenvolver a opción elixida e facerse responsable dela tanto no ámbito persoal como no social ou no laboral.

Supón poder transformar as ideas en accións; é dicir propoñerse obxectivos e planificar e levar a cabo proxectos. Implica analizar posibilidades e limitacións, coñecer as fases dun proxecto, planificar, tomar decisións, actuar, avaliar o feito, auto - avaliarse, quitar conclusións e valorar as posibilidades de mellora.

Esixe, por todo iso , ter unha visión dos retos e oportunidades que axude a identificar e cumprir obxectivos e a manter a motivación para lograr o éxito nas tarefas emprendidas, cunha aspiración persoal, e académica.

En consecuencia, entre as habilidades desta competencia destacan coñecerse e valorarse, saber comunicarse en distintos contextos, expresar as propias ideas e escoitar as alleas, ser capaz de poñerse no lugar do outro e comprender o seu punto de vista aínda que sexa diferente do propio, e tomar decisións nos distintos niveis da vida comunitaria, valorando conxuntamente os intereses individuais e os do grupo.

Para rematar, forma parte desta competencia o exercicio dunha cidadanía activa e integradora que esixe o coñecemento e a comprensión dos valores en que se asentán os estados e sociedades democráticas, dos seus fundamentos, modos de organización e funcionamento.

En síntese, esta competencia supón comprender a realidade social en que se vive, afrontar a convivencia e os conflitos empregando o xuízo ético baseado nos valores e prácticas democráticas, e exercer a cidadanía, actuando con criterio propio, contribuíndo á construción da paz e da democracia, e mantendo unha actitude constructiva, solidaria e responsable ante o cumprimento dos criterios e obrigas cívicas.

11.3.RELACIÓNS ENTRE COMPETENCIAS BÁSICAS, OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA E AS ÁREAS CURRICULARES:

Aínda que todas as áreas contribúen á consecución das oito competencias básicas , a contribución é maior ou menor segundo a competencia á cal nos referimos:

Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico:

Obxectivos xerais:

- Desenvolver o pensamento científico técnico do alumnado.
- Coñecer , valorar e gozar do contorno natural, social, e cultural, as interaccións entre eles, así como as posibilidades de defensa, mellora e conservación del.
- Desenvolver actitudes e valores para unha interacción co medio dunha maneira responsable, solidaria e saudable.
- Fomentar unha actitude aberta cara a diversidade, natural, histórica e artística da propia comunidade.

Áreas máis directamente relacionadas:

- Coñecemento do medio natural, social e cultural.
- Lingua galega e literatura.
- Lingua castelá e literatura.
- Linguas estranxeiras.
- Matemáticas.

Competencia cultural e artística:

Obxectivos xerais:

- Coñecer, valorar e gozar do contorno natural, social e cultural, as interaccións entre eles, así como as posibilidades de defensa, mellora e conservación del.
- Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas, desenvolvendo a sensibilidade estética e a capacidade de goze das súas diferentes manifestacións e iniciándose na construción de propostas persoais.
- Coñecer, comprender, valorar e respectar as diferentes culturas e os seus patrimonios, as diferencias entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non- discriminación de persoas por ningunha causa.

Áreas máis directamente relacionadas:

- Educación Artística
- Coñecemento do medio natural, social e cultura
- Educación física

- Lingua galega e literatura
- Lingua castelá e literatura
- Linguas estranxeiras
- Educación para a cidadanía e os dereitos humanos

Competencia en comunicación lingüística:

Obxectivos xerais:

- Mellorar a expresión oral en todas as linguas do currículo.
- Mellorar a expresión escrita en todas as linguas do currículo.
- Mellorar a comprensión lectora.
- Coñecer e utilizar apropiadamente a lingua galega e castelá e desenvolver hábitos de lectura e de respecto á diversidade lingüística.
- Adquirir en , polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

Áreas máis directamente relacionadas:

- Lingua galega e literatura.
- Lingua castelá e literatura.
- Linguas estranxeiras.
- Educación para a cidadanía e os dereitos humanos.

Competencia e matemáticas:

Obxectivos xerais:

- Mellorar a competencia na resolución de problemas, que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos a situacións da súa vida cotiá.
- Mellorar a capacidade de identificar e comprender as situacións da vida real na que se presenten problemas de índole matemática.
- Mellorar a capacidade de valorar e argumentar utilizando información numérica ou xeométrica.

Áreas máis directamente relacionadas:

- Matemáticas.
- Lingua galega e literatura.
- Lingua castelá e literatura.
- Coñecemento do medio natural, social e cultural.

Competencia dixital e tratamento da información

Obxectivos xerais:

- Mellorar o uso das fontes de información en todo tipo de soportes.
- Mellorar a alfabetización dixital.
- Desenvolver habilidades de uso seguro, responsable e crítico das TIC.

Áreas máis directamente relacionadas:

- Matemáticas.
- Lingua galega e literatura.
- Lingua castelá e literatura.
- Linguas estranxeiras.
- Coñecemento do medio natural, social, e cultural.
- Educación para a cidadanía e os dereitos humanos.
- Educación artística.
- Educación física.

Competencia para aprender a aprender:

Obxectivos xerais:

- Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudio, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe.
- Utilizar estratexias persoais e variadas para obter, seleccionar, organizar, transformar, representar e comunicar información.

Áreas máis directamente relacionadas:

- Todas.

Autonomía e iniciativa persoal:

Obxectivos xerais:

- Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e do resto das persoas, respectar as diferencias e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe.
- Adquirir habilidades para a prevención e para resolución de conflitos que lle permitan, desenvolverse con autonomía no ámbito familiar, así como nos grupos sociais cos cales se relaciona. Fomentar na práctica e o respecto de normas cívicas e de aspectos de educación viaria, asumindo comportamentos que incidan na vida saudable, no consumo



responsable, na seguridade e na prevención dos accidentes de tráfico.

- Desenvolveras capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas relacións co resto das persoas, así como unha actitude contraria á violencia aos prexuízos calquera tipo e os estereotipos sexistas.

Áreas máis directamente relacionadas:

- Educación para a cidadanía e os dereitos humanos.
- Coñecemento do medio natural, social e cultural.
- Lingua galega e literatura.
- Lingua castelá e literatura.
- Linguas estranxeiras.
- Educación artística.
- Educación física.

Competencia social e cidadá

Obxectivos xerais:

Coñecer e apreciar os valores e as normas da convivencia, aprender a actuar de acordo con elas, supón ser capaz de poñerse no lugar do outro, aceptar as diferencias, ser tolerante e respectar os valores, as crenzas, as culturas e a historia persoal e colectiva dos outros.

Adquirir habilidades para a prevención e resolución pacífica de conflitos, que lle permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e así como nos grupos sociais co cales se relaciona o alumnado, vanlle a permitir comprender a realidade social do mundo no que vive e exercer unha cidadanía democrática, incorporando formas de comportamento individual orientadas á autonomía, o coidado e respecto por as outras persoas, que capacitan para convivir nunha sociedade cada vez máis plural, para relacionarse, cooperar, comprometerse e afrontar os conflitos.

Desenvolver as capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas relacións co resto das persoas, así como unha actitude contraria á violencia aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.

Áreas máis directamente relacionadas:

- Educación para a cidadanía e os dereitos humanos.
- Coñecemento do medio natural, social, e cultural.
- Lingua galega e literatura.
- Lingua castelá e literatura.
- Linguas estranxeiras.
- Educación artística.

12. VALORES, OBXECTIVOS E LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN. COMPROMISOS

EDUCATIVOS. EDUCACIÓN EN VALORES A TRAVÉS DAS DISTINTAS ÁREAS E MATERIAS

A finalidade da educación é conseguir un desenvolvemento integral de todos os nenos e nenas buscando o desenrolo persoal, a harmonía social, a igualdade de oportunidades e as diferencias.

A finalidade da Educación Infantil é contribuír ao desenvolvemento físico, afectivo, social e intelectual dos nenos e nenas.

A finalidade na Educación Primaria é proporcionarlles a todo os nenos e nenas unha educación que permita afianzar o seu desenvolvemento persoal e o seu propio benestar, adquirir habilidades culturais básicas relativas á expresión e comprensión oral, á lectura, á escritura, e ao cálculo, hábitos de traballo e estudo, o sentido artístico, á creatividade e á afectividade, así como desenvolver habilidades sociais e hábitos de traballo.

12.1. LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN:

Para potenciar e favorecer a adquisición dos principios e fins educativos o noso Centro son prioritarias as seguintes liñas de actuación:

- Convivencia baseada no respecto e na non violencia: traballo sistemático das habilidades sociais, autocontrol, potenciación das relacións afectivas, mellorando a autoestima e favorecendo a participación, a formación do profesorado e a comunicación entre os membros da Comunidade Educativa.
- Fomentar autonomía e a responsabilidade.
- A atención a diversidade, fomentara as capacidades individuais, garantindo a igualdade de oportunidades e establecendo as medidas organizativas e curriculares precisas.
- Continuarase coa incorporación e identificación do uso das novas tecnoloxías.
- Desenvolverase unha organización baseada en criterios pedagóxicos e de igualdade.
- Impulsarase as actuacións que desenvolvan a competencia lectoescritora, e o razoamento práctico desde as diferentes áreas.
- Fomentaranse os hábitos de vida saudable.
- Realizaranse a avaliación e autoavaliación.

12.2. COMPROMISOS EDUCATIVOS: FAMILIAS, ALUMNADO E PROFESORADO

FAMILIAS:

- Mellorar e potenciar a comunicación coas familias e as súas participacións no centro que facilitan a mellora da convivencia.
- Potenciar o Plan de Acción Titorial, especialmente, a implicación e compromiso das familias no que respecta a evolución dos seus fillos e fillas.
- Expandir, aplicar e mellorar o Plan de convivencia do centro.



ALUMNOS:

- Impulsar a utilización de actividades que potencien o desenvolvemento das competencias básicas que marca a PXA de cada ciclo.
- Fomentar a utilización de actividades que e recursos que promovan a investigación, e a experimentación.
- Mellorar a detección precoz de problemas de aprendizaxe.

PROFESORADO:

- Manter e incrementar a participación do profesorado nos Proxectos existentes no centro.
- Establecer, como obxectivos os cursos de formación, a elaboración de materiais e recursos curriculares.
- Fomentar o hábito e o gusto pola lectura no alumnado e contribuír á mellora da práctica da lecto - escritura desde os procesos de ensinanza do profesorado e a colaboración das familias.
- Fomentar entre o alumnado a adquisición de hábitos de vida saudable para un bo desenrolo persoal e social.
- Incorporar paulatinamente como material complementario ou alternativo as actividades TIC., no currículo de cada área.
- Mellorar e potenciar o traballo en equipo e a coordinación entre o profesores dos equipos docentes, os profesores especialistas de P.T., A.L. e departamento de orientación.

12.3. INCORPORACIÓN, A TRAVÉS DAS DISTINTAS ÁREAS E MATERIAS DA EDUCACIÓN EN VALORES

O noso centro considera que hai un **valor** que é prioritario polo seu carácter globalizador, é que en sentido amplo pode conter todos os demais. Este valor é o eixe do noso Proxecto Educativo e é o **RESPECTO**

12.3.1. EDUCACIÓN EN VALORES EN EDUCACIÓN INFANTIL

O noso centro orientará aos alumnos na comprensión da realidade social na que viven; a cooperar, convivir, e a exercer a cidadanía democrática nunha sociedade plural.

Dende as 3 áreas de coñecemento en educación infantil desenvolveranse as seguintes habilidades e actitudes e comportamentos:

A.- AREA DE AUTOÑOCEMENTO E AUTONOMIA

- Valoración positiva e respecto polas diferenzas; aceptación da identidade e características das demais persoas, evitando actitudes discriminatorias.

- Actitude crítica ante os estereotipos ofertados a través da publicidade e outros medios de comunicación social.
- Actitude de axuda e cooperación con iguais e persoas adultas.
- Aceptación de compromisos, fortalecendo vínculos afectivos: amizade, cooperación, axuda, solidaridade...
- Comprensión, aceptación e valoración de regras para xogar.
- Regulación do comportamento para camiñar cara á resolución pacífica de conflitos.
- Hábitos elementais de organización, constancia, atención, iniciativa e esforzo.
- Valoración e gusto polo traballo propio ben feito e polo dos demais.
- Hábitos saudables: Hixiene corporal e ambiental adecuada, alimentación e consumo responsable e descanso.
- Valoración da necesidade de desenvolverse en espazos saudables, colaborando no seu mantemento.
- Gusto por un aspecto persoal coidado.
- Fomento de hábitos de prevención de enfermidades.

B.- AREA DE COÑECEMENTO DO CONTORNO

- Actitude de respecto e coidado cara a obxectos propios e alleos.
- Curiosidade, respecto e coidado cara aos elementos do medio natural, especialmente animais e plantas.
- Valoración da necesidade da auga, da súa conservación e de facer uso responsable dela.
- Valoración da importancia da natureza para a saúde e o benestar
- Respecto polos tipos de familia diferentes ás nosas.
- Valoración das relacións afectivas que se establecen na familia. Actitude de colaboración.
- Evitar estereotipos sexistas nas diferentes profesións e servicios da súa comunidade.
- O uso do diálogo como medio de comportamento e para resolver conflitos cotiáns.

C.-LINGUAXES: COMUNICACIÓN REPRESENTACIÓN

- Utilización da lingua oral como mecanismo para regular a propia conduta.
- Emprego axeitado das formas socialmente establecidas para relacionarse coas demais persoas: saúdos, despedidas, fórmulas de cortesía, cumprimentos...
- Actitude positiva cara a lingua extranxeira.

12.3.2. EDUCACIÓN EN VALORES EN EDUCACIÓN PRIMARIA

A.- EDUCACIÓN ARTÍSTICA:

A través dos seguintes valores, incorpórase a educación transversal na educación plástica e musical:

- Coidado da natureza e do medio ambiente.
- Valoración da creatividade.
- Amizade.
- Paciencia.
- Respeto.
- Gratitude.
- Compañerismo.
- Xenerosidade.
- Aceptación.
- Orden.
- Solidariedade.
- Sinceridade.
- Confianza.
- Educación para a Paz.
- Interese polo coñecemento.
- Comunicación.
- Participación en equipo.
- Lealdade.
- Autoestima.

B.- COÑECEMENTO DO MEDIO:

A educación en valores incorpórase en coñecemento do medio, a través dos seguintes obxectivos:

- Desenvolver hábitos e actitudes de curiosidade, respecto e participación cara ás demais culturas do contorno.
- Desenvolver a capacidade dos alumnos para regular a súa propia aprendizaxe, confiar nas súas aptitudes e coñecementos, así como para desenvolver a creatividade, a iniciativa persoal e o espírito emprendedor.



- Valorar os comportamentos de coidado da atmosfera e a hidrosfera e, en xeral, as actitudes propias dunha cultura de desenvolvemento sostible.
- Adquirir respecto cara aos seres vivos e o medio, valorando, en particular, os espazos forestais.
- Desenvolver a igualdade de dereitos e oportunidades e fomentar a igualdade efectiva entre homes e mulleres.
- Crear hábitos de hixiene física e mental, que permitan un desenvolvemento san, un aprecio do corpo e o seu benestar, unha mellor calidade de vida e unhas relacións interpersoais baseadas no desenvolvemento da autoestima.
- Valorar os comportamentos de aforro de enerxía e auga e, en xeral, as actitudes propias dunha cultura de desenvolvemento sostible.
- Valorar a achega da ciencia e do traballo dos científicos ao benestar da humanidade.
- Preparar para o exercicio da cidadanía e para a participación activa na vida económica, con actitude crítica e responsable.
- Proporcionar os instrumentos de análise e crítica necesarios que permitan unha opinión e actitude propias fronte ás ofertas da sociedade de consumo, e que capaciten para tomar conciencia ante o consumo de produtos innecesarios.
- Estimular o diálogo como principal vía para resolución de conflitos entre persoas e grupos; facilitar o encontro entre persoas os intereses das cales non necesariamente sexan coincidentes, e desenvolver actitudes básicas para a participación comprometida na convivencia, a liberdade, a democracia e a solidariedade.
- Coñecer e respectar as normas establecidas para a mellor organización e goce da circulación viaria.
- Promover actitudes que valoren axeitadamente o peso específico da educación e de todas as súas expresións culturais como motor de desenvolvemento das vilas.
- Desenvolver a capacidade dos alumnos para regular a súa propia aprendizaxe, confiar nas súas aptitudes e coñecementos, así como para desenvolver a creatividade, a iniciativa persoal e o espírito emprendedor.
- Participar no coidado da hidrosfera e no aforro da auga e valorar, en xeral, as actitudes propias dunha cultura de desenvolvemento sostible.
- Considerar as paisaxes e os elementos que os constitúen como un valor tanto económico como cultural e natural, e valorar as actitudes que controlan a súa deterioración.
- Adquirir respecto cara aos seres vivos e considerar a biodiversidade como un valor e un recurso do planeta que estamos obrigados a protexer.
- Participar decidida e solidariamente na protección dos espazos naturais e dos recursos biolóxicos en xeral.

- Adquirir respecto cara aos seres vivos e prepararse para o exercicio da cidadanía e para a participación activa na vida económica, con actitude crítica e responsable.
- Crear hábitos de hixiene física e mental que permitan un desenvolvemento san, un aprecio do corpo e o seu benestar, unha mellor calidade de vida e unhas relacións interpersoais baseadas no desenvolvemento da autoestima.
- Preparar para o exercicio da cidadanía e para a participación activa na vida económica, social e cultural, con actitude crítica e responsable e con capacidade de adaptación ás situacións cambiantes da sociedade do coñecemento.
- Respetar e coñecer a pluralidade lingüística de Galicia e España valorando a interculturalidade como un elemento enriquecedor da sociedade.
- Promover actitudes que valoren axeitadamente o peso específico da educación e de todas as súas expresións culturais como motor de desenvolvemento dos pobos.
- Coñecer, valorar e respetar os dereitos humanos como base da non discriminación, o entendemento e o progreso de todos os pobos.
- Desenvolver a igualdade de dereitos e oportunidades e fomentar a igualdade efectiva entre homes e mulleres.
- Proporcionar os instrumentos de análise e crítica necesarios que permitan unha opinión e unha actitude propias fronte ás ofertas da sociedade de consumo, e que capaciten para tomar conciencia ante o consumo de produtos innecesarios.
- Valorar a achega da ciencia e do traballo dos científicos ao benestar da humanidade.
- Participar decidida e solidariamente na resolución dos problemas ambientais e valorar as actitudes propias dunha cultura de desenvolvemento sostible.

C- LINGUAS GALEGA, CASTELÁ E INGLESA:

A educación en valores incorpórase nas linguas galega e castelá, a través dos seguintes obxectivos:

- Respetar os compañeiros e manter unha relación cordial.
- Fomentar a lectura como unha alternativa atractiva para ocupar o tempo de lecer.
- Sensibilizar o alumnado cara á protección do medio.
- Fomentar nos rapaces e rapazas o respecto polos animais.
- Fomentar e mellorar a conciencia de pertencer ao mundo, e chamar a atención dos escolares sobre os cambios que se producen tanto no contorno coma nos seres vivos.
- Fomentar uns hábitos de alimentación saudables.
- Respetar os comportamentos das persoas como base para a boa convivencia en sociedade.



- Valorar e respectar as tradicións propias e as doutras culturas.
- Fomentar nos rapaces e rapazas uns hábitos de consumo responsable.
- Tomar conciencia dos cambios que se producen no contorno e nos seres vivos.
- Promover condutas solidarias e de axuda.
- Respectarse un mesmo e respectar os demais.
- Fomentar hábitos saudables: o coidado do corpo.
- Participar en actividades de grupo respectando as normas establecidas.
- Valorar e aplicar as normas básicas de cortesía.
- Fomentar a lectura de cómics como unha alternativa atractiva para ocupar o tempo de lecer.
- Sensibilizar o alumnado cara á protección da paisaxe autóctona.
- Respectar outras culturas e formas de vida.
- Concienciar o alumnado sobre o consumo responsable dos recursos enerxéticos.
- Fomentar as relacións interpersoais e os xogos non discriminatorios.
- Respectar as normas establecidas nos xogos.
- Fomentar nos alumnos e alumnas unha conciencia social e cidadá.
- Respectar o medio urbano e as normas básicas de convivencia.
- Respectar o traballo persoal como un medio para conseguir certos obxectivos na vida.
- Valorar as actitudes de amizade e de axuda.
- Respectar e valorar a variedade lingüística e cultural.
- Fomentar as relacións interpersoais sobre a base da comunicación.
- Respectar os diferentes tipos de familia.
- Fomentar o consumo responsable dos medios de comunicación social.
- Valorar e respectar as tradicións propias.
- Valorar o esforzo e a responsabilidade para desenvolverse na vida.
- Respectar as tradicións culturais propias e alleas.
- Fomentar o consumo responsable das novas tecnoloxías da información.
- Utilizar correctamente e respectar os espazos culturais.
- Valorar e respectar as tradicións propias e as doutras culturas.
- Respectar o medio urbano e as normas básicas de convivencia.
- Fomentar no alumnado hábitos saudables: a hixiene.
- Favorecer e valorar as relacións interpersoais.
- Tomar conciencia dos cambios que se producen no contorno e nos seres vivos.
- Sensibilizar o alumnado cara á cultura popular de tradición oral.
- Fomentar uns hábitos de alimentación saudables.
- Promover condutas viarias responsables.

- Aceptarse a un mesmo e respectar os demais, sen discriminar a ninguén polo seu aspecto, forma de vestir, costumes, etc.
- Respectar os demais e manter unha relación cordial.
- Fomentar no alumnado hábitos de consumo responsable.
- Sensibilizar o alumnado cara á protección do medio.
- Fomentar nos rapaces e rapazas o respecto polos animais.
- Fomentar e mellorar a conciencia de pertencer ao mundo, e chamar a atención dos escolares sobre os cambios que se producen tanto no contorno coma nos seres vivos.
- Fomentar o consumo responsable dos medios de comunicación social.
- Valorar e respectar as tradicións propias.
- Tomar conciencia da pretenza ao universo e respectalo.
- Valorar as tradicións culturais propias e alleas.
- Fomentar e valorar comportamentos de amizade e axuda.
- Coidar e respectar o medio e os seres vivos.

D.- MATEMÁTICAS:

Algúns temas transversais implicados nas Matemáticas neste ciclo son:

- **Educación en valores:** aceptación d a propia persoa, con os seus defectos e virtudes.
- **Educación moral e cívica:** aceptación das diferencias e das propias limitacións. Toma de conciencia das diferencias, as necesidades e as achegas dos compañeiros. Colaboración para planificar y realizar actividades de grupo. Aceptación, dentro da distribución do equipo, do rol que lles a tocado desempeñar. Valoración do traballo en grupo. Adquisición de actitudes e hábitos de solidariedade. Actitude de respecto cara as preferencias de outras persoas.
- **Educación para o consumo:** sentido do aforro. Valoración do diñeiro. Valoración e contraste dos tempos de ocio e os de traballo.
- **Educación ambiental:** coidado do entorno.
- **Educación para a saúde:** valoración da importancia de unha dieta sa e equilibrada. Desenrolo de hábitos de saúde e alimentación sa.
- **Educación para la igualdad de oportunidades entre ambos sexos:** desenrolo de actitudes de tolerancia e respecto cara os compañeiros e compañeiras do outro sexo.
- **Educación para a paz:** actitude de respecto polas normas de funcionamento, realizando con responsabilidade as tarefas encomendadas.
- **Educación viaria:** desenrolo de actitudes positivas con relación ao uso responsable das vías públicas. Respecto as normas e las sinais de tráfico, como forma de regular los desprazamentos das persoas nas vías públicas.

- **Educación moral e cívica:** curiosidade e respecto pola vida cotiá de outras persoas. Respecto cara o que ten menos. Toma de conciencia das diferencias, das necesidades e das achegas dos compañeiros. Colaboración na planificación e a realización das actividades de grupo.
Aceptación, dentro da distribución do equipo do rol que lles ha tocado desempeñar.
Actitude de respecto polas normas e as regras do xogo. Valoración do traballo en grupo.
Adquisición de actitudes e hábitos de solidariedade. Respecto polos puntos de vista distintos de los propios.
Colaboración na planificación e a realización das actividades de grupo.
- **Educación para o consumo:** valoración do aforro. Comparación de prezos. Análises das ofertas relacionando cantidade - peso.
- **Educación ambiental:** desenrolo de actitudes de respecto e conservación do medio natural. Coidado e respecto cara as plantas. Valoración da necesidade dunha relación equilibrada entre as persoas, os animais e as plantas dentro do noso planeta. Coidado e respecto cara os animais e as plantas. Desenrolo de actitudes de respecto e conservación del medio natural. Pracer e gusto polas actividades ao aire libre.
- **Educación para a saúde:** valoración da importancia dunha dieta sa e equilibrada para un desenrolo corporal óptimo. Interese e gusto polo coidado persoal. Desenrolo de hábitos de limpeza, de saúde, de alimentación sa e de prevención de enfermidades.
- **Educación para a paz:** actitude de respecto polas normas de funcionamento, realizando con responsabilidade as tarefas encomendadas.

E.- EDUCACIÓN FÍSICA:

Os temas transversais implicados na Educación Física neste ciclo son:

- **Educación para a saúde e calidade de vida:** adquisición de hábitos saudables: hixiene e coidado corporal, alimentación san, exercicio físico, prevención de accidentes...
- **Educación ambiental:** actividades que axuden a gozar, respectar e coidar o entorno.
- **Educación para a paz:** a práctica de actividades físicas propicia situacións de tensión que é necesario resolver cunha actitude de diálogo e respecto.
- **Educación do consumidor:** é importante desmitificar a carga consumista que ten o material deportivo, e sobre todo algunhas marcas e personaxes públicos.
- **Educación para a igualdade de oportunidades de ambos sexos:** respectaranse as características de cada alumno, contribuíndo a eliminar os estereotipos sexistas.
- **Educación para o ocio e tempo libre:** ensinarase a gozar do tempo libre por medio da actividade física (xogos populares e tradicionais, deportes, etc.).

- **Educación viaria:** ensínase ó alumnado a desprazarse de forma autónoma e segura polo entorno, que coñeza as sinais, normas de circulación, etc.

13. ATENCIÓN EDUCATIVA AO ALUMNADO QUE NON OPTE POR ENSINANZA DE RELIXIÓN. MEDIDAS ORGANIZATIVAS PARA O ALUMNADO QUE NON CURSE AS ENSINANZAS DE RELIXIÓN.

13.1. ATENCIÓN EDUCATIVA AO ALUMNADO QUE NON OPTE POLA ENSINANZA DE RELIXIÓN EN EDUCACIÓN INFANTIL

As actividades que se poderían desenvolver ao longo da educación infantil, dependerá do número de alumnos, das idades, e do espazo do que se dispoña.

En termos xerais, poderían organizarse en **CICLOS OU PROXECTOS**

A.- CICLOS

As actividades organizaríanse en torno a un tema ou motivo que teña unha duración limitada.

Ao longo do curso poderían desenvolverse varios ciclos. Como exemplos de ciclos de actividades propóñense os seguintes:

1.- Cine – Vídeo

Non se trata unicamente de seleccionar películas dirixidas ao público infantil, senón que habería que considerar outras que pola súa calidade mereceran ser vistas.

Sería convinte buscar motivos atractivos para aos alumnos e á vez, organizarse por ciclos. Por exemplo:

- Películas que fomenten un valor: amor, cariño, amizade, constancia, felicidade, paz.
- Vídeos de contidos educativos: "El concierto", "Fantasía (Disney)", "Los lunnies", "Baby Einstein", etc.
- Vídeos con contidos informativos adaptados a estas idades: "Erase una vez la ...", "Las 3 mellizas", "Los Lunnies ", etc.

Neste ciclo pódense organizar actividades diversas tales como:

- Charlas, debates sobre o contido da película.
- Facer pequenas representacións da vida diaria onde se traballen estes valores.
- Dramatizar o desenrolo da película.
- Colorear debuxos, facer disfraces, relacionados coa película: caras, vestiarios ...

- Facer un debuxo sobre a película vista.
- Iniciar un proxecto para investigar un tema.
- Verbalizar os sentimentos que lles producen as películas de carácter artístico.

2.- Coleccións e compilacións de tradicións

As actividades en este ciclo pódense realizarse da seguinte maneira:

- Textos. Refróns, contos, cancións, receitas.
- Costumes. Relacionadas con diversos momentos do ano, festas, tradicións, ...
- Noticias relacionadas coa localidade a modo de anuario.
- Xogos populares.
- Obxectos. Moedas, selos, postais do mundo, bolas, crismas, obxectos fabricados por eles

Estas coleccións poderían presentarse en diferentes formatos: arquivadores, caixas, maletas, baús, murais, cadernos, etc.

Sería convite celebrar actos para a presentación das producións a outros compañeiros do centro, ás familias, etc. Por outra parte, os materiais poderían engrosar os fondos da biblioteca o formar parte do material de clase.

3.- Gastronomía

A través deste tipo de actividades preténdese un acercamento ás posibilidades sensoriais dos alimentos, así como o coñecemento de modos de alimentación sa, tanto próximos a eles como doutras culturas.

- Sería interesante buscar motivos para organizar estas actividades. Entre outros poderíanse aproveitar:
- Festas: Nadal, Entroido, Semana Santa, etc.
- Épocas do ano: a castaña e outros froitos secos, as mazás, froitas da primavera, ...
- Procedencia das familias: alimentos ou comidas típicas de nenos ou pais que proveñan doutra autonomía ou pais.

Hai que ter en conta que estas idades as receitas non deben ser moi complicadas nin que requiran electrodomésticos difíciles de atopar nun colexio.

Entre as actividades que poderían realizarse sería convite considerar:

- A exploración de olores, sabores, texturas, cores, etc.
- A elaboración de listas de receitas.
- A preparación de pratos relacionados con celebracións determinadas: polvoróns, turróns, castañas asadas, roscas, etc.

- A investigación sobre normas e costumes relacionadas coa a comida en distintas culturas: diferentes formas de preparar un alimento, utensilios de comida, pratos raros, disposición en torno a mesa, ...

4.- Narracións orais

Propoñemos recuperar a tradición de escoitar historia.

Nesta idade o que máis lle gusta ó neno son os contos, que se poderían organizar da seguinte maneira:

- Contos sen sentido.
- Contos de medo.
- Contos de intriga.
- Contos sen final.
- Contos móbiles.
- Contos de policía.
- Contos de amor.
- Contos clásicos.
- Contos para representar.

Pero tamén poderían realizarse en torno a outras narracións como, relatos reais, lendas, anécdotas, historias de intriga, etc.

Na organización de este tipo de actividades podería contarse con narradores distintos: familiares, xubilados de fogares de pensionistas e asociacións, socios de asociacións culturais, etc.

Débase procurar que tódolos alumnos, maiores e pequenos, participen como narradores, podendo preparar relatos e alternar a intervención de persoas externas ao centro coa propia.

É preciso coidar o ambiente no que se vai desenvolver, creando unha situación que invite á escoita (por exemplo, mediante a decoración, a música o utilización de outras estratexias que creen un espazo con certa «maxia»).

5.- Audicións

Estas actividades requiren dunha persoa que teña coñecementos mínimos de música.

Hai que elixir audicións curtas, xa que senón perden o interese e a concentración.

As sesións poderían organizarse da seguinte maneira:

- Crear un clima que favoreza a escoita.
- Escoitar.
- Verbalizar o que escoitaron: qué sentimentos lles produciu, cómo é a música, para qué podería servir, que " cousas " soan, é antiga ou moderna

- escoita activa: Moverse libremente do xeito que a música lles produce
- Coñecer o autor, o título, a época na que se compuxo.
- Cantar, tatarrear, facer o ritmo co Corpo, con instrumentos de percusión.
- Acompañar (si é posible) a música con “instrumentos”
- Creación plástica sobre o que sentiron.
- Ver o vídeo da audición.

O profesor pode organizar estas audicións segundo diversos temas:

- Música clásica.
- Música de contos clásicos.
- Música folclórica.
- Música de cine e bandas sonoras (infantís).
- Música narrativa.
- Música pop, rock, electrónica.
- Zarzuela.
- Ópera.

B- PROXECTOS

Os proxectos enmarcarían as actividades nun período máis longo de tempo, un trimestre como mínimo.

Podería contarse coa colaboración do alumnado para determinar temas e formas de organizar o traballo (por exemplo: calendario con datas concretas de conclusión dos traballos).

Estes proxectos longos serían o marco organizador dunha gran diversidade de actividades.

A continuación suxerimos exemplos de proxectos.

Poderíase enfocar esta actividade como estudo descritivo de un área xeográfica e cultural determinada, o seu resultado sería a edición dun folleto informativo sobre a historia, o arte, o entorno natural, a oferta de ocio, as festividades, etc.

Tipos de proxectos:

1.- “Música e xogos do mundo”

Este obradoiro pode propiciar o coñecemento, valoración e respecto polas costumes e manifestacións culturais de outros pobos mediante a participación nunha serie de actividades que favorezan o exercicio da liberdade, a tolerancia e a solidariedade. Para iso habería que utilizar distintas formas de expresión musical, corporal, verbal e gráfica como medios para a comunicación de ideas entre individuos que teñen distintas costumes e/o falan diferentes linguas. Dado que no noso entorno conviven poboacións lingüísticas e culturalmente diferentes, se debe procurar a integración das minorías dende unha perspectiva intercultural.

As cancións, as danzas e os xogos están esencialmente vinculados coa vida, son manifestacións colectivas na que os nenos e as nenas inician de forma lúdica diversos aprendizaxes. Poderíanse aproveitar repertorios de cancións, pezas musicais e danzas como exemplos representativos das diferentes poboacións. Ó mesmo tempo, o coñecemento de xogos tradicionais de diferentes

culturas podería ser outra forma de achegarse a estas formas de vida.

Para iso pódense propoñer actividades como:

- A preparación de viaxes imaxinarios por distintos lugares do mundo.
- Ver vídeos e materiais gráficos nos que se observen algunhas das principais costumes e manifestacións culturais de diferentes países.
- A observación, comentario e valoración das manifestacións artísticas de distintas culturas.
- A práctica e recompilación de xogos tradicionais de diferentes culturas.
- A lectura e recreación de contos tradicionais.
- A indagación das costumes, xogos, cancións, etc., mediante entrevistas a familiares e amigos, e a consulta de distintos materiais gráficos e sonoros.
- As audicións de pezas musicais de diferentes culturas.
- A construción de instrumentos musicais.
- A elaboración de carteis, colaxes, murais e cómics.
- A creación de poesías, contos e cancións.
- A creación de personaxes e situacións dramáticas a partir de distintos estímulos (imaxes, contos, sons, obxectos, etc.).

2.- “Outros pobos e outras culturas”

O propósito destas actividades sería achegar ao alumnado á diversidade do mundo a través do estudo de determinados trazos culturais, como por exemplo: As comidas e a forma de comer, as súas vestimentas, os tipos de casas, a forma de educarse os nenos, de traballar os adultos, tradicións culturais: ritos, romarías, relixións, deuses, templos, festas relixiosas ou págnas, ...

A devandita formulación permitiría que o alumnado puidera organizarse en equipos para realizar estudos comparativos de distintas culturas. Os alumnos máis pequenos, poden facer estudos máis sinxelos de recompilación e recolección de textos, cancións, receitas, etc. Todo iso pode acabar coa difusión dos traballos realizados mediante a organización de exposicións, a publicación no xornal escolar, etc.

3.- Periódico escolar

O xornal debería estar aberto a colaboracións de moi distinto tipo: Debuxos e caricaturas, pasatempos, producións doutros ciclos e proxectos, noticias, publicidade, entrevistas, consultorio sentimental, anuncios por palabras, avisos, chistes, etc.

Participación por parte dos alumnos de Educación Infantil sería na elaboración de debuxos, pés de fotos, cómics, receitas de temporada ...

4.- Obradoiro de construción

Este obradoiro está enfocado á recuperación e utilización de materiais de refugallo e para súa realización trataríase de habilitar un espazo no que se puidera dispoñer de materiais diversos para a construción e reparación de cousas e obxectos de diferente tipo.

O obradoiro de construción podería adoptar distintas modalidades.

5.- Obradoiro de xogos

As actividades neste obradoiro poderíase organizar en tres vertentes diferentes:

- Colección de xogos tradicionais.
- Construcións de xogos e xoguetes.
- Práctica de xogos de mesa.

A colección de xogos tradicionais pódese organizar mediante a elaboración de fichas que contiveran as regras do xogo, citasen súa orixe, etc. Por outra banda, debería practicarse o xogo previndo o espazo apropiado, os instrumentos necesarios para o seu desenvolvemento e a organización precisa para facelos.

A construción de xogos e xoguetes implica a preparación de diversos materiais de elementos: Taboleiros, bolos, pelotas de trapos e coiro, fichas de madeira, elementos de barro como tabas, bolas ou dados, debuxos xeométricos no chan (que se poderían tratar de resolver como problemas de xeometría), tubos de cana (para diversas clases de tecidos con las), instrumentos musicais, trazados de circuítos no chan o en soportes de madeira con algún elemento para recorrelos (coches de xoguete, chapas de botellas de bebidas...), cartóns (redondos, cadrados) para xogos de chapas, etc.

Os xogos de mesa posúen un alto valor no desenvolvemento de determinadas capacidades como a atención, a memoria, o razoamento. Ó mesmo tempo, moitos deles contribúen á socialización mediante a aceptación e discusión de súas normas e regras.

Poderían practicarse xogos tales como:

- Xogos con palabras: Palabras cruzadas, categorías de palabras, parellas de palabras, dominó de palabras, definicións.
- Xogos de estratexia: Parchís, oca, dominó, naipes.
- Xogos de atención: Detectives, personaxes ocultos.
- Xogos de construción: Mecanos, legos, xogos de pezas de madeira, crebacabezas, etc.

13.2. ATENCIÓN EDUCATIVA AO ALUMNADO QUE NON OPTE POR ENSINANZAS DE RELIXIÓN NA EDUCACIÓN PRIMARIA:

1. INTRODUCCIÓN:

O alumnado que non opte por ensinanzas de relixión, van levar a cabo unhas actividades de análise e comentario de documentos relativos a vida social e cultural que non figuren no currículo e que sirvan para o desenrolo das competencias básicas contidas na LOE, e non serán consideradas coma un área específica.

As actividades alternativas a relixión serán impartidas polo titor, ou outro profesor con dispoñibilidade horaria.

Na organización do conxunto de actividades posibles seguiremos os seguintes criterios:

- Teranse en conta os gustos e intereses do alumnado polo que os bloques de actividades serán de duración variable e curta.
- alumnado poderá dispoñer o longo do curso de diferentes opcións para que poidan participar en varias.
- Na medida do posible implicaremos ao alumnado no deseño e organización das actividades.
- Utilizarase un marco de traballo cooperativo.

2. CONTIDOS:

- Comentario de textos sobre a sociedade, a cultura e as artes.
- Visualización de imaxes e comentarios.
- Debate sobre temas de actualidade.
- Biblioteca escolar.
- Festas populares, xogos autóctonos.
- Xogos de mesa, lóxicos e pasatempos.
- Pobo e culturas.
- Horta escolar.
- Relixións do mundo.
- Uso do ordenador.



- Ciclos de cine - vídeo.
- Ciclos de prensa.
- Ciclos de teatro.

3. ACTIVIDADES:

Realizaranse as seguintes actividades:

- Estudo dirixido.
- Fomento da lectura.
- Educación en valores.
- Fomento das habilidades sociais.
- Activación da intelixencia.
- Xogos cooperativos e tradicionais.
- Actividades co ordenador.
- Actividades de decoración de clase nos corredores.
- Taller de prensa.
- Dramatizacións.

Non están todas as posibles e, dende logo, poden engadirse aquelas outras actividades educativas que lles parezan oportunas, sempre que cumpran, coas condicións que estipula a normativa.

4.- RECURSOS:

Todas estas actividades faranse utilizando os seguintes recursos: Diálogos, fichas, xogos, biblioteca, periódicos, ordenadores e libros.

14. LIÑAS XERAIS PARA A ELABORACIÓN DOS PLANS DE ORIENTACIÓN E ACCIÓN TITORIAL

A lei Orgánica 2/2006 de 3 de maio de Educación, no título I establece que “a orientación educativa e profesional dos estudantes, como un medio necesario para o logro da formación personalizada que propicie unha educación integral en coñecementos, destrezas e valores”, por outra banda no artigo 18 determina que a acción titorial orientará o proceso educativo individual e colectivo do alumnado e no artigo 91 establece entre as funcións do profesorado, “a orientación educativa, académica e profesional do alumnado en colaboración, se é o caso, co departamento de orientación”.

Así mesmo a disposición Final Primeira, contempla o dereito dos pais, nais ou titores legais, a ser oídos naquelas decisións que afecten a orientación académica e profesional dos seus fillos, así

como o dereito do alumnado a recibir orientación educativa e profesional.

Por outra parte o Decreto 120/1998 que regula a Orientación educativa na Comunidade Autónoma de Galicia, no artigo 6 establece que os departamentos de orientación desenvolverán as súas competencias naqueles ámbitos relacionados coa orientación psicopedagóxica académica e profesional: valorando as necesidades educativas, no ámbito da orientación dos alumnos e alumnas do seu contorno e deseñar, desenvolver e avaliar programas específicos de intervención. A orientación e a acción titorial forma parte da función docente, tendo como obxectivos orientar ao alumnado nos procesos de aprendizaxe e desenvolvemento persoal, coordinar a acción educativa e establecer relacións fluídas e mecanismos de coordinación coas familias e contribuír a prevención e identificación temperá das dificultades de aprendizaxe, coordinando a posta en marchadas medidas educativas adecuadas tan pronto como as mesmas se detecten.

O proceso orientador deberá estar axustado a nosa realidade concreta, esta atención educativa debe garantirse desde as primeiras idades do alumnado para permitir a prevención e detección temperá das dificultades no desenvolvemento persoal ou da aprendizaxe e seguimento continuado da súa evolución, o Decreto 229/ 2011, do 7 decembro, polo que se regula a atención a diversidade do alumnado dos centros da nosa Comunidade Autónoma, fai moito fincapé nas medidas preventivas.

Entendese a orientación e a acción titorial como unha dimensión da educación. A función titorial e a orientación son os compoñentes básicos que teñen que asegurar unha educación integral e personalizada do individuo e que pretenden o máximo desenvolvemento de todas as capacidades da persoa. Para isto é necesario que tanto a acción titorial e a orientación ten que estar

deseñadas e planificadas nos seus respectivos Plans por parte de todos os axentes educativos.

A Educación Infantil e a Educación Primaria, constituín etapas básicas para o desenvolvemento persoal e educativo do alumnado. Estas ensinanzas contribuíñ a adquisición de hábitos e valores fundamentais para unha adecuada socialización favorecendo o desenrolo de capacidades que potencian a autonomía persoal, e ao logro de competencias básicas para o desenvolvemento persoal e a preparación do alumnado para afrontar etapas educativas posteriores e aprendizaxes máis complexos.

Finalmente, a orientación e a titoría colaborarán no apoio e asesoramento de accións encamiñadas a favorecer os momentos escolares máis decisivos ou de maior dificultade, como ingreso no centro, cambio de ciclo ou de etapa cunha adecuada transición entre as etapas educativas, tanto en educación infantil como en educación primaria.

15. ASPECTOS XERAIS PARA A ELABORACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DOCENTES

15.1 EDUCACIÓN INFANTIL

As programacións docentes serán elaboradas polos órganos de coordinación docente que corresponda, e contarán polo menos cos seguintes elementos:

- Diagnóstico do contexto e dos alumnos.
- Contribución das materias ao logro das competencias básicas.

Obxectivos didácticos a alcanzar.

Contidos das áreas:

- Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal.
- Coñecemento do contorno.
- Linguaxes

Metodoloxía, estratexias didácticas e organización de traballo.

Materiais e recursos necesarios.

Medidas de atención á diversidade.

Actividades e experiencias que os alumnos realizarán.

Distribución de tempos.

Procedementos, instrumentos e criterios de avaliación.

Actividades complementarias e extraescolares

15.2. EDUCACIÓN PRIMARIA

Para a elaboración das programacións docentes debemos ter en conta os seguintes aspectos:

1. As prioridades que estableza o PE e que poidan incidir na nosa programación.
2. A directrices que marque a coordinación pedagóxica.
3. As características do noso centro e o tipo de alumnado oa que se dirixe a programación.
4. Avaliación inicial.O obxectivo da avaliación inicial é o de adaptar os obxectivos, contidos e criterios ao grupo clase, a pequenos grupos ou ao individuo.
5. Alumnado con NEAE.
6. Contribución ao desenvolvemento das competencias básicas e ao plan lector.
7. Os recursos didácticos cos que contamos
8. Recursos persoais do centro.
10. Calquera outro tema que poida ser relevante para a nosa programación.



16.- Conclusión e Disposición Final:

Este proxecto Educativo deberá ser actualizado sempre que cambien as lexislacións sobre as que se fundamenta e poderá ser modificado a petición da maioría do Consello Escolar do Centro.

Unha vez aprobado estará na Secretaría do Centro a disposición da comunidade educativa para o seu coñecemento.

E para que así conste:

Don **José Manuel Carral Ferradas**, secretario do Consello Escolar do **C.E.I.P. Campolongo**

CERTIFICA:

Que segundo consta na Acta correspondente, o presente Proxecto Educativo do Centro foi aprobado na reunión celebrada polo Consello Escolar deste Centro o día 29 de xuño de 2012.

E para que así conste e para a súa inclusión na mesma, asino a presente en Pontevedra a 4 de xullo de 2012.

Selo

O Secretario:

Vº e Prace do Director:

Asdo. José Manuel Carral Ferradas

Asdo. José Manuel Sánchez Moure

17.ANEXOS:

ANEXO I:

- CONCRECIÓN DO CURRÍCULO

ANEXO II:

- PLAN DE ACCIÓN TITORIAL
- PLANS ESPECÍFICOS PARA AO ALUMNDO QUE PERMANECE UN CURSO MÁIS NO MESMO CICLO
- PLAN XERAL DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

ANEXO III:

- PLAN DE CONVIVENCIA
- PROXECTO LINGÜÍSTICO
- PROXECTO LECTOR
- PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TECNOLOXÁIS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN